

Carlos Núñez Pregoeiro da Feira de Amandi

«Hai que gozar do Amandi»

O compositor e músico vigués define a historia destes viños da Ribeira Sacra como fascinante

LUIS CONDE MONFORTE

O compositor e músico galego Carlos Núñez será unha das grandes atraccións da Feira do Viño de Amandi este ano. Ademais de ler o pregón, esta tarde ofrecerá un concerto no santuario de Cadeiras.

—¿Como xurdiu a posibilidade de dar o pregón?

—A verdade é que vai ser o primeiro pregón da miña vida. Creo que chamou o alcalde á miña oficina, e non sei moi ben como fixo para convencernos. Aínda que non o semelle, son moi tímido para esas cousas. A ver como sae.

—¿Que coñece dos viños de Amandi?

—Supoño que como todo o mundo oíu aquilo de que o bebían os césares en Roma en cerámica de Gundivós!. Estiven informándome dun tempo para aquí, e realmente a historia do Amandi é fascinante. Pero sospeito que quen queira sumerxirse máis profundamente na práctica e na teoría do tema, vai

ter que achegarse o día do pregón da festa. Eu son un namorado do interior de Galicia, e a Ribeira Sacra é algo así como o corazón. Non é? Unha ocasión perfecta para achegarse esta fin de semana.

—¿En que se parecen os viños e a música?

—Sempre digo que Galicia é unha especie de ópera dos sentidos onde todas as artes están relacionadas entre si. Música e viño son dúas expresións dunha mesma filosofía de vida. Hai algúns anos un sumiller de California díxome que Galicia tiña mais enólogos que calquer país do mundo. Por cada familia que fai viño hai un enólogo ou enóloga, un ou unha artista. O mesmo acontece coa música. Por cada casa, por cada parroquia ou bisbarra hai un xeito diferente de entendela e sentila. Somos un pobo moi individualista pero ao mesmo tempo encantados socializar. Escomenzando co exemplo de Sober con ese viño marabilloso pero tamén con esa histórica banda de música. Aquí o viño e a música non



Carlos Núñez

son para o disfrute solitario, son para compartir. Gústanos tamén compartir e disfrutar cos outros dos misterios da vida e da nosa historia: A nosa gaita, os nosos viños, que se dos celtas, dos romanos, dos suevos, que se chegaron polo camiño de Santiago.

—¿Resulta máis difícil compoñer ou preparar un pregón?

—Supoño que non é tan diferente. Eu creo máis na creación colectiva que no xenio creador individual que parte da nada no sentido romántico. Ao final compoñer é poñer en conxunto ideas, enerxías e desexos comúns preexistentes. A gracia es-

tá en como se artella esa máxima porción.

—¿A que vai facer referencia no seu pregón?

—Dende que fixemos un concerto na City Winery de Nova York hai un mes e invitei aos asistentes a descubrir os nosos viños, levo pensando todo o tempo en como construír o pregón. Pero cheguei á conclusión de que, como o programa dun concerto, é mellor gardalo para o momento, incluso deixalo a posible improvisación. Ademais gustaríanos que a xente veña a velo. Por iso, dende xa, anticipo que quen se achegue vai-se atopar con algunha sorpresa.

—¿Que os levou a celebrar o concerto nun recinto pechado como o de Cadeiras?

—Realmente o concerto foi unha idea nosa. Facíase nos raro que me contratasen a min, que son un músico, para falar, pero ao mesmo tempo non había orzamento para un concerto grande, xa se sabe cómo están os tempos. Os concertos ao aire libre son caros pola produ-

ción que implican. Nós queríamos tocar e ocorréusenos a idea de que tendo un sitio tan fermoso como o santuario de Cadeiras sería un lugar moi axeitado para un concerto máis íntimo. Coa riqueza patrimonial que temos en Galicia, a cantidade de capelas, mosteiros, igrexas, por non falar de auditorios fermosísimos que se poderían valorizar deste xeito, unha maneira tamén de desestacionalizar o turismo, que non todo ten que ser no verán.

—¿Que lle di que se esgotasen en tres días as entradas??

—É moi de agradecer que na casa a xente responda con ese cariño. Supoño que é unha proba de que cun pouco de esforzo, pódense ofrecer cousas diferentes ao público e que responde. Para min sería máis fácil facer o pregón e punto, pero sempre me gusta probar cousas novas. Será un concerto especial. Espero que repetamos noutra ocasión para os que non conseguisen entrada. Pero poden vir ao pregón e por suposto deben vir a Sober a disfrutar do Amandi.

guimaro
mencia
amandi

Elaborado e embotellado por
CARMEN PEREZ PEREZ
Sanmil-Brosmos-Sober(Lugo)
R.E.Nº7251/LU
Telf.:982 152 508 / 610 524 484

Ribeira Sacra
Denominación de Orixe

Estrela

Adegas D'Fran, S.C
Telf: 608 571 754
estreladfran@gmail.com
DOADE-SOBER-LUGO

DON BERNARDINO

Stº Cruz de Brosmos, Sober
www.donbernardino.com
info@donbernardino.com
Tf. 670882449

ALGUEIRA
RIBEIRA SACRA
DENOMINACIÓN DE ORIGE

Doado - SOBER
www.algueira.com
info@algueira.com
Telfs. 982 152 238
982 410 299 / 629 208 917

Marcelino I

A Carqueixa
Telf. 982 460 043
SOBER

Panadería Fernández de Villaoscura

Pan, empanadas, pizzas caseras en horno de leña, bollería, pastelería: larpeiras, cañas rellenas crema, pasteles, tarta de manzana, etc.

Villaoscura - Telfs. 605 325 492 - 669 125 845 - SOBER